

Victoriano Urgorri Carrasco

Profesor emérito (vituco.urgorri@usc.gal)

Natural de Ferrol (1951) é Catedrático Emérito de Zooloxía Mariña da USC. Licenciado e Graduado en Ciencias (Sección Biolóxicas) pola USC (1974) e Doutor en Ciencias (Sección de Biolóxicas) pola USC (1981). Ao longo de 49 anos foi profesor da Universidade de Santiago de Compostela, como: Profesor encargado de curso no 1974-75, Profesor Adxunto Interino de Zooloxía no 1975-83, Profesor Titular Numerario no 1983-2002 e Catedrático de Zooloxía Mariña dende 2002 ata a actualidade. Acadou 7 Sexenios: 6 de investigación e 1 de transferencia.

Ao longo dos 49 anos, impartiu, na Licenciatura e Grao de Bioloxía e Mestrados, docencia teórica e práctica de laboratorio e de campo, das materias: Zooloxía I, Zooloxía II, Zooloxía Xeral, Ampliación de Zooloxía, Vertebrados, Artrópodos, Invertebrados non Artrópodos, Zooloxía Mariña e Fundamentos de Bioloxía Aplicada I e II.

Leva 49 anos adicado ao estudo da Biodiversidade das costas de Galicia. Fixo a tese de doutoramento sobre *Opisthobranchios de Galicia* (1981) e a tese de licenciatura sobre a *Fauna malacolóxica da Ría de Ferrol e praias da súa comarca* (1974). Ten publicados 173 artigos, 11 libros e 46 capítulos de libros, principalmente sobre Faunística, Taxonomía, Anatomía e Ecoloxía dos invertebrados litorais, batiais e abisais e no campo da malacoloxía (opisthobranchios, solenogastros, caudofoveados, monoplacóforos e poliplacóforos) pero tamén ten publicacións sobre a marea negra do Prestige, especies invasoras, zooarqueoloxía, protección da fauna, museoloxía, corais de augas frías, nódulos polimetálicos, etc. Así mesmo, ten 296 informes ou documentos científico-técnicos restrinxidos e tres informes de proxectos de I+D+i publicados electronicamente.

Como Indicadores xerais da calidade da súa produción científica ten 1282 citas totais, cunha media de 147 citas/ano durante os últimos 5 anos, 59 publicacións en SCI e Índice H: 15. (<https://www.researchgate.net/profile/Victoriano-Urgorri/research>)

Participou en 52 proxectos de investigación, 23 como Investigador Principal e 29 como Investigador Integrado. Foi Investigador principal en 17 contratos de I+D+i de especial relevancia con empresas e administracións públicas. Participou en 19 expedicións oceanográficas internacionais en fondos litorais e profundos do océano Atlántico: Irlanda, Ceuta, Antártida, Portugal, Concas abisais do Cabo, Angola e Guinea e nacionais en fondos batiais e abisais profundos de Galicia nos que foi Investigador principal e Xefe de Campaña, a bordo de RV Hesperides, RV Sarmiento de Gamboa e RV Mytilus.

Dirixiu 24 Teses de Doutoramento, todas cualificadas con sobresaínte *cum laude*, das que 6 foron con estudantes de doutoramento procedentes das Universidades de Lisboa, Río de Janeiro, Complutense de Madrid, Salamanca, Sevilla e País Vasco. Tamén dirixiu 22 Teses de licenciatura, 20 TFM (Traballos Fin de Mestrado), 16 TFG (Traballos Fin de Grao), 14 TIT (Traballos de Investigación Titorizados) e 3 TAD (Traballos Academicamente dirixidos).

Presentou 344 comunicacións en Congresos Internacionais e Nacionais, impartiu numerosas conferencias, principalmente sobre a marea negra do Prestige e a biodiversidade dos fondos litorais, batiais e abisais e publicou 37 artigos de opinión en prensa diaria.

Realizou 19 estadias en centros de investigación estranxeiros: Institut für Zoologie der Universität Wien, Austria; Benthos Zoology Department, The Martin Ryan Marine Science Institute, University College Galway, Irlanda; Laboratorio Marítimo da Guia, Universidade de Lisboa; Lehrstuhl für Speziell Zoologie der Ruhr-Universität Bochum, Alemaña; Instituto DZMB-Senckenberg, Wilhelmshaven, Alemaña; Zoologisk Museum, København, Dinamarca e Zoologische Staatssammlung München, Alemaña.

É editor asociado da revista Marine Biodiversity (International Journal of the Senckenberg Nature Research Society) cun factor de impacto de 1.815 en 2022.

Foi dende a inauguración en 2001 ata a xubilación en 2021, Director da Estación de Bioloxía da Mariña da Graña, un centro de investigación, por el deseñado, que a USC ten na Ría de Ferrol (<https://www.usc.gal/gl/investigar-na-usc/rede-estacions-bioloxicas/estacion-bioloxia-marina-grana>)

Foi membro da Sección de Ciencia, Natureza e de Sociedade do Consello da Cultura Galega. É Director da Área de Proxección Social e Cultura Científica do Campus de Excelencia Internacional Campus do Mar, Membro do Padroado do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia, do Observatorio Galego da Biodiversidade e Membro do Comité Técnico Asesor do Centro de Coordinación Operativa do Plan Territorial de Continxencias por Contaminación Mariña Accidental da Comunidade Autónoma de Galicia (Plan CAMGAL).

